

SURREALISMO

OBRA: A PERSISTENCIA DA MEMORIA

AUTOR: Salvador **DALÍ** (1904-1989)


CRONOLOXÍA: 1931

ESTILO: Surrealismo

MEDIDAS: 24 cm x 33 cm

MATERIAL: Óleo sobre lenzo

LOCALIZACIÓN: MOMA, Nova York



O SURREALISMO E DALÍ

O Surrealismo foi un movemento literario e artístico, elitista e de esquerdas, que naceu en Francia en 1924, impulsado por André Breton. Este defendía no seu Manifesto a inconsciencia, o soño, o erotismo, o automatismo e a locura. Os surrealistas tentaron expresar por medio da plástica as imaxes procedentes do mundo onírico, do inconsciente, fóra de toda preocupación estética e moral. O Surrealismo atopou en Sigmund Freud (o pai da psicoanálise e da psiquiatría moderna), un dos seus referentes máis importantes. Buscaba unha arte sen prexuízos nin condicionamentos sociais ou culturais, polo que o artista despóxase de toda influencia e dá renda solta á súa imaxinación. Po iso, entre os temas máis abundantes, atopamos temas fantásticos, imaxinarios, oníricos, absurdos e moi imaxinativos e orixinais.

Os integrantes do grupo comparten a temática, pero cada artista empregará a súa propia técnica e métodos para representar as súas inquietudes, fobias, filias e obsesións. A tendencia xeralizada foi recuperar o tratamento clásico da composición e a figuración, dándolle gran importancia ao debuxo. Neste sentido, moitos dos artistas deste movemento pensaban que se representaban estrañas paisaxes e personaxes do xeito máis realista posible, o efecto de desconcerto sería maior no espectador. Representantes senlleiros da pintura surrealista foron Max Ernst, René Magritte, Marc Chagall e os españois Salvador Dalí e Joan Miró.

Salvador Dalí foi un polifacético artista catalán, unha personaxe excéntrica e provocadora, pero un dos xenios españois da pintura universal, que destaca pola súa obra plenamente surrealista. Foi un excelente debuxante, que explorou diversos campos que van desde o Clasicismo ao Cubismo ou ao Dadaísmo. Amigo de Lorca e Buñuel (con quen rodara *Un perro andaluz*), Dalí converteríase co tempo no máis surrealista dos surrealistas españois, tanto pola súa obra como pola súa vida. En 1926 realizou unha viaxe a París, iniciando daquela unha amizade con Picasso e recibindo a influencia da pintura de Miró. Tamén foi un gran admirador de Velázquez. A partir de todas estas influencias, desenvolveu o seu propio e inconfundible estilo. En 1929 coñece a Gala, quen o converte na súa parella e musa o resto da súa vida, e quen o introduce no grupo dos surrealistas. É entón cando pinta as súas obras máis importantes, como *O gran masturbador*, *O enigma do desexo* e a presente *A persistencia da memoria*, nas que desenvolve as súas obsesións (o sexo, o brande, o putrefacto da materia) aplicando o chamado **método paranoico-crítico**, da súa propia invención (cultivar o engaño, pero mantendo a consciencia de que o control da razón foi suspendido deliberadamente).

Dalí representa xunto a outros pintores, como Magritte, o chamado **Surrealismo Figurativo**. Estes artistas caracterízanse por realizar inusitadas asociacións de obxectos e figuras humanas. Por outra banda, manteñen a perspectiva tradicional. O estilo de Dalí baseábase en imaxes irreais en paisaxes espidas. Estas imaxes tomábanas directamente dos soños e están relacionadas coa psicoanálise. Dalí utilizaba unha técnica precisa e hiperrealista, derivada da súa formación académica. Pinta con precisión, transmitindo invencións paranoicas e oníricas a través de imaxes múltiples. O seu colorido é brillante e luminoso, e a luz dos seus cadros é transparente e limpa. Amosa un asombroso debuxo, de influencia renacentista e barroca, sobre todo de Velázquez. Representa obxectos, paisaxes e persoas cun realismo case fotográfico. A diferenza coa pintura

ra tradicional radica na inusual asociación dos elementos que aparecen nos seus cadros. Crea unha atmosfera onírica e delirante: “o avance paranoico da mente liberaría do inconsciente imaxes potentes e orixinais, cambiando o aspecto orixinal das cousas”. Dalí repetía moitas veces os obxectos, e combinaba o humano e o monstruoso, en medio de grandes espazos dilatados. Distorsiona o orgánico e anima o inanimado. Outras características son: as formas brandas ou derretidas, as ilusións ópticas, e o erotismo potente en moitas das súas composicións.

En 1940, trasladouse a Estados Unidos, ao ser expulsado do grupo surrealista debido á súa megalomanía, provocación, amor ao lucro, e tamén polas súas simpatías polo Fascismo. Estes foron anos de gran éxito comercial e mediático, chegando a colaborar con varios proxectos de Hollywood e co célebre Walt Disney. A finais da década dos 40 decidiu instalarse en España, onde traballou ata a súa morte.

COMENTARIO

No cadro podemos ver unha paisaxe simple, inspirada na baía rochosa de Port Lligat. O mar, ao fondo, e un cantil á dereita. Nunha extensa chaira hai diferentes elementos que producen asombro no espectador pola súa variedade, estraño aspecto e falta de relación lóxica entre eles:

1. Retrocaricatura do pintor, unha cara con longas pestanas inspirada nunha rocha do cabo de Creus que ocupa o centro do cadro e semella un caracol arrastrándose polo chan; o corpo confúndese coa area escura, deixando nela unha pegada de cor. A cara aparece tamén noutros cadros do autor como *O gran masturbador* e *O enigma do desexo*.
2. Reloxos: tres reloxos brandos e deformados de ouro e prata (Segundo o pintor: “tiernos, extravagantes, solitarios y paranoico-críticos”). Un colga en equilibrio da póla dunha árbore sen follas; outro axústase a xeito de montura sobre a cara caracol; o terceiro está, quizáis, a piques de deslizarse por unha parede, e sobre é hai unha mosca. Hai un cuarto reloxo, de peto e vermello, que conserva a súa forma, que parece estar devorado por multitude de formigas. Son reloxos perfectamente versímiles que seguen marcando a hora (arredor das seis da tarde).
3. Formas xeométricas: cubo e estreito rectángulo que completan a composición pola esquerda e enlazan co ceo e a terra por forma e colorido. A precisión do debuxo contribúe ao efecto sorprendente do tema no que xoga con escalas que trastocan os tamaños reais e aluden a representacións do subconsciente. Dalí definía os seus cadros como fotografías de soños pintadas a man. Cambia os tamaños e as texturas e coloca os obxectos en escenarios insólitos asociando elementos dispares como nos soños. Consegue con iso un choque na conciencia do espectador para despois poñelo a reflexionar. Nos momentos previos ao estalido da Guerra Civil realiza *Construcción branda con xudías férvidas*, considerada como premonición do episodio trágico que comezaría en breve. A distorsión extrema das formas aplicada a un corpo recomposto de forma sorprendente e o grado de deterioro e morte de parte dos tecidos, provocan un efecto dramático ao que contribúe a súa inserción nunha paisaxe tormentosa e as alteracións de tamaño das formas respecto da realidade. Unha escena propia do mundo dos pesadelos.

Mais fronte á diversidade de elementos que contén logra unha gran sensación de unidade, sensación á que axuda o tratamento espacial que lle imprime e que será un elemento habitual na súa obra. Fondos inmensos, cunha liña do horizonte alta, pero sempre dous espazos que non se dividen de forma cortante, senón que son unha prolongación de ceo e terra cara a unha contorna profunda, cara a un horizonte de gran profundidades en por iso ocultar a planitude do cadro. Os diversos elementos colócanse en función dun horizonte que divide o espazo en dúas metades desiguais. Na parte superior, un ceo azul e branco, e na inferior, un terreo árido, escuro, que ás veces se converte nunha praia. Na atmosfera onírica da pintura están recollidos elementos constantes na obra do autor: o seu autorretrato, mestura de cabeza humana e rochas da Costa Brava dos arredores de Cadaqués, que repetirá en moitos outros cadros. Corpo semipétreo, case sen vida, extenuado. Estilizado pero recoñecible, caracterízase pola súa cor grisazulada, o seu gran nariz apoiado no chan e a súa cara alongada. As pestanas longas, boca aberta e lingua saínte en amarelos, representan a composición entre o soño físico e o soño de que os seus desexos poidan cumprirse. As formigas

simbolizan a morte, a destrución do corpo, o podrecemento. Os reloxos son o paso do tempo, que se nos escapa, non se pode reter.

A luz xoga un papel fundamental na obra. Aprézase como o cadro divídese en dúas partes non simétricas: unha “tenebrista”, en primeiro termo, permanecendo en penumbra o primeiro plano, ao tempo que o foco de luz da dereita ilumina suavemente os obxectos, que proxectan as súas sombras e recórtanse no espazo; e outra parte, fortemente iluminada, ao fondo, cunha luz moi branca e irreal.

A composición está moi coidada e estudada. Domina a liña horizontal do mar ao fondo, remarcado pola luz, que divide o cadro en dúas metades desiguais, pero harmoniosas. Complementábase coa horizontal da póla seca da árbore, que co seu tronco marca á esquerda unha vertical que equilibra a composición. Como elementos dinámicos, o pintor utiliza as liñas diagonais (a mesa e a cabeza), e as curvas (reloxos e rostro). A praia e a póla seca da árbore forman dúas liñas horizontais, e as diagonais da mesa e a cabeza rachan esa horizontalidade e crean profundidade. A cor contribúe a lograr estes efectos, xa que os tons cálidos achéganos ás formas, mentres que as frías alónxanos. O colorido é rico e variado, predominando os tons fríos (azuis, grises e brancos), que contrastan cos cálidos (ocres, marróns e amarelos). A perspectiva tradicional existe, pero o espazo semella, sen embargo, extraño. O punto de vista do espectador é alto, aínda que non en todos os obxectos.

A mensaxe da obra é que “Os reloxos, como a memoria, reblandécense co paso do tempo”, tamén o rexeitamento do autor á idea de que o tempo é un ente inmutable. Para outros, é unha referencia á teoría da relatividade de Einstein. En suma, unha obra típica da forma de pintar e das obsesións persoais de Dalí.